

GUÍA DO PROTOCOLO COVID-19 PARA AS FAMILIAS CURSO 2020-2021 IES AS TELLEIRAS

VÍAS DE COMUNICACIÓN CO CENTRO AVISOS, INCIDENCIAS E OUTRAS INFORMACIÓNS

IMPORTANTE: Durante a pandemia non se permitirá a permanencia das familias no centro. A comunicación coas familias será por vía telefónica, correo electrónico ou vía telemática:

A web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras>: publicará as novidades máis relevantes.

O número de teléfono 881 930 350: para comunicar as incidencias e as ausencias do alumnado e para concertar reunións de titoría.

O correo electrónico ies.telleiras@edu.xunta.es: servirá para preguntar dúbidas e pedir cita cos servizos de atención ao público (Conserxaría e Secretaría).

A plataforma **ABALAR**: É conveniente que todas as familias teñan instalada a aplicación ABALAR, pois nela recibirán avisos importantes. A Xunta publicou videotutoriais sobre o seu uso: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/publicados-nuevos-videotutoriais-para-docentes-y-familias-uso-de-agueiro-comunidades>

EQUIPO COVID E CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA: C.S. NARÓN

EQUIPO COVID DO IES AS TELLEIRAS

COORDINADORA REPRESENTANTE DE DIRECCIÓN:

María Cristina Alves Ferreira (Suplente: Patricia Santalla Taracido)

PROFESORAS COLABORADORAS:

Cristina González Bustos (Suplente: Raquel Díaz Seoane)

Saíza Bonome Carballés (Suplente: Iria Pereira García)

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN E PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19

Na páxina web publicarase unha presentación sobre as normas e medidas de seguridade e hixiene que se adoptarán (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/1972>).

TRÁMITES E XESTIÓNS CO CENTRO (SECRETARÍA E CONSERXERÍA)

Horario: de 9.00 h a 14.00 h, agás nos recreos (de 10.00 h a 10.30 h e de 12.00 h a 12.30 h).

Solicitud (indispensable) por correo electrónico: así limitaranse esperas e visitas ao centro.

A atención do público en Conserxaría e Secretaría realizarase a través da xaneliña.

Para cubrir documentación facilitarase material de escritura que deberá ser desinfectado polos usuarios e usuarias co xel hidroalcohólico que terán á súa disposición.

Non se deixarán efectos persoais no chan e outras superficies susceptibles de estar infectadas.

Cada usuario/a desinfectará as superficies que teña ocupado, e despois desinfectará as mans.

REUNIÓN DE TUTORÍA

O sistema para concertar e realizar as reunións de tutoría será:

1. A familia solicitará cita por vía telefónica.
2. O/a titor(a) propondrá un horario amplo dentro do horario lectivo.
3. A familia comunicará ao titor ou titora unha hora dentro do horario dispoñible.
4. A reunión terá lugar de xeito telefónico ou telemático. Se isto fora imposible por incompatibilidade de horarios da familia, realizarase por correo electrónico.

REUNIÓN COA ORIENTADORA

As familias pedirán cita por teléfono ou dirixíndose ao correo sainzabc@edu.xunta.es. A modalidade de reunión (telefónica, telemática, presencial) dependerá do tema a tratar e a dispoñibilidade.

Se a reunión, por decisión da orientadora, debese ser presencial, farase no despacho de orientación.

AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA

COORDINADOR TIC: JESÚS IGNACIO GARCÍA FERNÁNDEZ
PROFESORA COLABORADORA: M^a EUGENIA FERNÁNDEZ DEL RÍO

A aula virtual do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/>):

- estará plenamente operativa e funcionando (cursos e usuarios/as) ao finalizar o mes de setembro (para entón, o alumnado estará formado e rexistrado na aula virtual, *E-Dixgal* e *telleiras.org*);
- utilizarase obrigatoriamente nos seguintes supostos:
 - educación a distancia, se fose necesario o paso á modalidade telemática;
 - para o alumnado en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula.

DETECCIÓN E XESTIÓN DE CASOS DE COVID-19

Os proxenitores/titores legais, ou o alumnado maior de idade, comprometeranse por escrito, mediante declaración responsable ([enlace á declaración responsable](#)), a:

- Realizar todos os días aos seus fillos (a si mesmos, no caso do alumnado maior de idade) a auto enquisa clínico-epidemiolóxica de <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/1971>. Non enviarán día a día os resultados ao centro.
- Non traer aos seus fillos/as ao centro (ou, no caso do alumnado maior de idade, a non acudir ao centro) en caso de que algún deles/as presente síntomas compatibles coa COVID-19 ou teña estado en contacto con persoas enfermas de COVID ou con indicios de infección.

Para a xustificación da ausencia non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Non acudirá ao centro o alumnado que estea nalgunha das seguintes situacións:

- **Diagnosticado de COVID-19.**
- **Con polo menos un dos síntomas compatibles con COVID-19** (agardarase ata valoración por

parte do pediatra ou do médico correspondente).

- **En espera de resultado de PCR por sospeita clínica.**

- **Se, non tendo síntomas, se atopa en período de corentena domiciliaria** por ter estado en contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado que conviva coa persoa positiva non poderá acudir ao centro, en virtude de ser considerado contacto estreito. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio.

- **Con condicións de saúde que o fai vulnerable á COVID-19** (enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro en fase tratamento activo, inmunodepresión ou hipertensión arterial, insuficiencia renal crónica, enfermidade hepática crónica u obesidade mórbida), salvo que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigurosa. No caso de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías que provoquen dependencia, será o/a médico/a ou pediatra quen establecerá os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria.

En calquera dos casos anteriores, os proxenitores/titores legais (ou alumnado maior de idade) terán que seguir estes pasos:

- comunicar de inmediato a incidencia ao equipo COVID a través do teléfono ou correo electrónico;
- chamar ao centro de saúde de referencia. Alí valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR, se así o consideran.

Como criterio xeral, o/a alumno/a manterase en illamento preventivo domiciliario ata saber o resultado da proba.

Como procederá o centro se un(ha) alumno/a nota síntomas de COVID estando no centro, ou se un(ha) traballador(a) observa síntomas de COVID nun(ha) alumno/a?

- Se un(ha) alumno/a nota algún síntoma que apunte á COVID, deberá comunicalo inmediatamente ao profesor que estea na clase ou de garda, ou a algún dos membros do equipo COVID.
- Levarase o/a alumno/a afectado/a á aula COVID, colocaráse unha nova máscara cirúrxica, e contactarase coa familia ou persoa de referencia.
- Se o/a alumno/a entra en situación de gravidade ou ten dificultade para respirar, avisarase ao 061.
- A persoa de referencia do alumno/a deberá presentarse no centro á maior brevidade. A familia solicitará consulta telefónica co/a pediatra ou facultativo/a. Se este/a non tivese consulta no mesmo día, a familia acudirá ao PAC. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.

Cal é a actuación do centro ante un caso confirmado no alumnado?

- No caso de que un(ha) alumno/a sexa confirmado/a como caso COVID-19, os pais/nais ou titores legais contactarán sen demora co centro e informarán da situación.
- Tras a aparición dun caso confirmado seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.
- Cando o caso confirmado sexa un alumno ou alumna, contactarase coas familias do alumnado da clase, para que non acudan ao centro; se estivesen nel, de forma escalonada recollerán aos/ás seus/súas fillos/as, mantendo as medidas de protección (máscara e distanciamento físico). Atención Primaria de Saúde contactará con cada un deles.
- Os docentes da aula onde se confirme un caso tamén deberán permanecer no seu domicilio.

- Os alumnos e alumnas que pasen a situación de corentena recibirán atención educativa polas vías telemáticas habilitadas para o ensino a distancia.

MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE A TER EN CONTA EN CALQUERA ESPAZO DO CENTRO

Estarán reguladas no NOF as medidas de seguridade e hixiene. As accións e actitudes como o incumprimento do uso da máscara ou a desobediencia ás indicacións do persoal do centro poderán ser motivo de sanción para o alumnado.

Sobre os movementos no centro:

- **O alumnado deberá atender as indicacións** visuais e as indicacións do profesorado e do persoal non docente.
- Realizaranse só os desprazamentos estritamente necesarios.
- O alumnado non poderá permanecer nos corredores.
- Deberase gardar en todo momento e lugar a **distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m**.
- **Durante todo o tempo de presenza no centro é obrigatorio o uso de máscara de protección.**

Sobre a protección individual:

- **En ningún caso se permitirá estar no centro a ningunha persoa que non traia máscara.** Se o persoal do centro detecta que un(ha) alumno/a non a trae, deberá comunicalo, xa que o/a alumno/a deberá quedar illado/a ata que se lle proporcione máscara.
- A obriga de levar máscara durante todo o tempo de presenza no centro non será esixible cando exista unha causa de forza maior acreditada por persoal facultativo.
- **O alumnado deberá vir ao centro provisto de:**
 - **2 máscaras** (a primeira levaraa posta, e a segunda, de reposto, virá en estoxo específico);
 - **xel hidroalcohólico;**
 - un rotulador de encerado;
 - un xiz;
 - o seu material de traballo persoal, que non deberá compartir cos seus compañeiros/as.
- **O alumnado poderá traer unha botella co seu nome rotulado.** Está prohibido enchela coa auga das billas.
- **O alumnado non poderá traer balóns nin calquera outro material para compartir no lecer.**

Sobre a hixiene persoal:

- **Evitarase tocar a cara (boca, nariz, ollos) e a máscara.**
- **O lavado das mans** (como mínimo, con xel hidroalcohólico durante 20 segundos) é obrigatorio cando menos 5 veces na xornada, e **imprescindible nos seguintes momentos:**
 - ao entrar e saír do centro e de calquera espazo do centro (aulas, cafetería...);
 - antes e despois do recreo;
 - antes e despois de comer;
 - antes e despois de usar os aseos;
 - despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir ou usar panos) ou obxectos que puidesen estar contaminados.
- **Ao tusir ou esberrar, toda persoa se afastará das demais e tapará a boca e o nariz,** xa coa

flexura do cóbado, ou cun pano de papel que se desbotará inmediatamente nunha papeleira.

- **Evitarase tocar as superficies comúns**, como paredes, pasamáns, portas, fiestras... O alumnado non poderá abrir e pechar fiestras nin portas, nin manexar utensilios coma o proxector, etc.

INDICACIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN XERAL DAS XORNADAS LECTIVAS

Gardas de entrada:

- O alumnado transportado entrará polo portalón de abaixo onde paran os buses; o resto do alumnado accederá pola porta principal.
- Os acompañantes non poderán entrar ao centro, agás por razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a súa presenza sexa requirida polo propio centro.
- Antes da entrada do edificio o alumnado limpará as súas mans co xel hidroalcohólico. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo.
- Unha vez entre no recinto escolar, o alumnado dirixirase á súa aula seguindo as indicacións de portas, escaleiras e corredores, respectando a distancia de seguridade, sen demorarse polos corredores nin tocar superficies comúns (paredes, pasamáns, etc.). Agardará na aula de referencia, que xa terá a porta e as fiestras abertas para airear.

Dentro da aula ordinaria:

- **A ventilación da aula no inicio de cada clase durará polo menos 15 minutos.**
- **O alumnado non poderá abrir e pechar portas, fiestras nin chaves da luz, nin tocar ningún utensilio ou equipo de traballo que non se lle asigne.** Os proxectores e demais ferramentas pedagóxicas serán manexadas só polo profesorado.
- Os pupitres están situados de xeito individual, a distancia de seguridade uns de outros, orientados cara ó posto do/a profesor(a). **Non se poderán mover mesas nin cadeiras dos sitios sinalizados.**
- A primeira hora, mesas e cadeiras estarán limpas. A calquera outra hora, **cada vez que o alumnado entre nunha aula nova, limpará con desinfectante**, baixo supervisión do profesorado, **a súa mesa e a súa cadeira** (e os materiais que utilice nas aulas especiais, coma os ordenadores).
- Os materiais de limpeza desbotaranse de forma segura e o alumnado desinfectará as mans.
- **Todo o alumnado deberá desinfectar as mans antes de comezar a clase;** preferentemente cada un(ha) deberá usar o seu propio xel hidroalcohólico, que debe levar na mochila ou no estoxo.
- **O alumnado deberá permanecer sentado no seu sitio**, asignado polo/a titor/a, e non interactuar cos compañeiros, nin xirarse cara a eles. **Evitarase o desprazamento do alumnado pola aula**, así como as actividades que supoñan unha especial proximidade.
- **Os equipos de traballo (como os ordenadores) deberán ser usados só pola persoa titular do posto.** De non ser isto posible, desinfectaranse antes de ser empregados por outra persoa, e o novo usuario ou usuaria realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.
- **O alumnado non compartirá material de uso propio cos compañeiros.** O material permanecerá debaixo do pupitre, ou na mochila, que se colocará a carón da cadeira.
- No caso de ter que achegarse ao encerado recoméndase que cada alumno/a teña o seu xiz ou rotulador de encerado branco, ou que se desinfecte o común antes de cada uso.
- Os primeiros minutos das semanas iniciais insistirase nos protocolos de hixiene e contacto social.
- Aproveitaranse as ocasións propicias para concienciar sobre o carácter social da pandemia e o

beneficio común do cumprimento das normas.

Nos cambios de clase:

- **O profesorado ventilará a aula.** Antes do recreo deberá deixar as fiestras e porta abertas.
- **Se o alumnado ten que abandonar a aula:**
 - No caso de 1º, 2º e 3º da ESO, terá que esperar na clase a que o profesor veña a buscalos. A saída será ordenada e continua, de un en un, deixando a distancia de seguridade.
 - No caso do alumnado dos cursos de 4º da ESO e bacharelato, agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de un, gardando a distancia de seguridade. Se houberse outro grupo na nova aula, agardarase a que saia o grupo completo.
 - En todo caso, o grupo entrante hixienizará mesas e cadeiras.
 - Antes de baixar ao recreo, é moi importante que o alumnado non deixe obxectos de valor na aula, pois as portas e fiestras permanecerán abertas para ventilar as aulas.
- **Se o alumnado ten a seguinte clase na mesma aula, permanecerá no seu sitio** durante o cambio de clase, esperando o profesor(a) seguinte.

Durante o recreo:

- **Realizarase unha desinfección de mans antes (e despois) do recreo.**
- **No tempo de lecer o uso da máscara será obrigatorio.**
- **O alumnado de cada grupo, supervisado polo profesorado, dirixirase ao seu lugar de lecer.**
 - Os grupos de 1º, 2º e 3º da ESO deberán permanecer no vestíbulo principal ou na pista polideportiva. En ningún momento poderán estar no edificio de bacharelato nin arredor deste.
 - Os grupos de 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato deberán permanecer no vestíbulo do edificio de bacharelato e nas inmediacións deste edificio.
- **O profesor de garda de recreo garantirá que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída aos aseos da súa zona, e controlará o aforo dos mesmos durante o tempo de lecer.**
 - Os cursos do corredor de abaixo (1º ESO, 2º ESO A, 3º ESO C e PMAR) utilizarán os baños do seu andar.
 - O alumnado do edificio principal do primeiro andar (os demais grupos de 2º e 3º da ESO) utilizará os baños do vestíbulo.
 - O alumnado procederá ao lavado de mans tanto á entrada como á saída do aseo.
 - Nos aseos evitarase tocar directamente coas mans (utilizarase un papel) aquelas superficies onde hai un maior risco de contaxio (pomos das portas, billas, a cadea do váter...)
 - Tirarase da cadea coa tapa pechada para non propagar aerosois potencialmente infectados.
 - No secado das mans utilizarase só papel desbotable, nunca secadores de mans.
 - As billas utilizaranse só para a hixiene das mans. Está terminantemente prohibido utilizalas para beber auga ou encher botellas.
- **Estará prohibido o uso de obxectos ou elementos comúns de xogo.**
- Non haberá competicións deportivas, polo risco que supoñen para participantes e público.
- **Anularanse os bancos dos patios.**
- **As fontes de auga do centro estarán pechadas.**
- O alumnado poderá comer no recreo sempre que estea parado e respecte a distancia

interpersoal. O uso da máscara é obrigatorio agás o tempo minimamente imprescindible para a alimentación. **Non se poderá compartir comida nin bebida.**

• **Os alumnos e alumnas poderán utilizar o servizo de cafetería, con estas condicións:**

- Procederán á limpeza e desinfección de mans antes de acceder ao local.
- Farán cola de un en un en circuitos de entrada e saída independentes, segundo grupos, mantendo a distancia de seguridade:
 - O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO fará cola na zona do vestíbulo delimitada por sinais.
 - O alumnado de 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato fará cola ante a fiestra da cafetería.
- Estará prohibida a permanencia do alumnado na cafetería. Inmediatamente despois de adquirir o que vaian consumir, os/as alumnos/as sairán ordenadamente, sen quitar as máscaras.

• **No tempo de lecer, os alumnos poderán usar o servizo de préstamo e devolución de libros e outros materiais didácticos.** O préstamo realizarase de xeito habitual, pero os materiais devoltos deberán permanecer separados en caixas identificadas e illadas un prazo de 4 h como mínimo.

• Queda excluído o uso da biblioteca para lectura, estudo, consulta ou utilización dos ordenadores. Habilitarase atención a través da aula virtual do centro, ademais do blog da *Bibliotelleiras*, integrado na *web* do centro: <https://bibliotecatelleiras.blogspot.com/>.

• **A volta ás aulas realizarase da mesma maneira que a entrada ao centro a primeira hora.**

Ao final da xornada:

- O alumnado non poderá deixar materiais na aula, polo que deberá traelos e levalos diariamente.
- O profesorado de última hora deixará as portas e fiestras abertas para ventilar as aulas.
- **Dende o día 18 de febreiro de 2021, o timbre soará ás 14.05 h para os grupos da ESO e ás 14.10 h para os de bacharelato.**
- O desaloxo ordenado de cada aula farase cando o material da aula estea recollido. O alumnado preparárase para saír ordenadamente, respectando a distancia de seguridade e evitando demoras.
- A saída farase polas mesmas portas de entrada, no sentido que indique a sinalización.
- **O profesorado de última hora acompañará o seu alumnado ata a porta de saída do edificio. Despois seguirá co alumnado transportado ata o portalón exterior. O resto do alumnado sairá de xeito ordenado cara ó portalón principal.**
- **O profesorado de garda de transporte permanecerá na explanada de recollida ata a saída do último bus.**

Recoméndase aos proxenitores que o alumnado manteña unha rutina de limpeza e desinfección ao chegar á casa (limpeza de sola dos zapatos, lavado de mans, etc.)

ANTE CALQUERA DÚBIDA, ACLARACIÓN OU SUXERENCIA ACERCA DESTAS INSTRUCIÓNS PODEDES DIRIXIRVOS AO CORREO ELECTRÓNICO ies.telleiras@edu.xunta.es